

CESIÓN DE ESPAZOS

Os espazos que a biblioteca cede distribúense do seguinte xeito:

Salas de traballo en grupo:

A biblioteca conta con 2 salas de traballo en grupo a disposición de quen precise utilízalas para reunirse, facer traballos etc. sempre que se trate de actividades sen ánimo de lucro. As salas están situadas no 3º andar.

Para gozar deste servizo tan só é preciso que, como mínimo, sexan dúas as persoas que vaian facer uso da sala, e que haxa disponibilidad. A reserva faise directamente no mostrador do andar baixo ou chamando ao teléfono 881 999 401.

Salón de actos

O salón de actos está a disposición de calquera particular, entidade ou asociación que queira utilízalo para realizar actividades de tipo cultural ou social (presentacións de libros, exposicións, conferencias, cursos...).

A solicitude pode facerse por calquera das seguintes vías:

Chamando por teléfono ao 881 999 404 ou 881 999 401

Dirixindo unha mensaxe de correo electrónico ao seguinte enderezo:

hemerotecabps@xunta.gal

Cubrindo o [formulario de reserva de instalacións](#)

A persoa particular ou representante da institución ou entidade interesada en facer a reserva deberá presentar na biblioteca o [formulario de reserva de instalacións](#) asinado:

Pódese iniciar o trámite cubrindo o formulario e, cando se confirme a reserva, haberá que asinar o documento. Pódese facer no día de celebración da actividade para a que se reserva o espazo.

A sinatura deste documento garante que a persoa ou institucións solicitantes reúnen os requisitos e condicións establecidas pola biblioteca e que están de acordo coa normativa da mesma para o uso das instalacións.



Salón de Actos



Salón de Actos



Salón de Actos



Sala de trabajo en grupo



Sala de trabajo en grupo

FORMULARIO DE RESERVA DE INSTALACIÓN

DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Requerimentos para o uso do Salón de Actos

public://documents/servizo/requisitos_uso_salon_de_actos.pdf

Reprodución de documentos para actividades

public://documents/servizo/reproduccion_de_documentos_para_actividades.pdf

PREGUNTAS FRECUENTES



<https://bibliotecas.xunta.gal/santiago/gl/servizos/cesion-de-espazos>